

RESOLUCIÓN REITORAL DO 13 DE MARZO DE 2026 POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN PROVISORIA DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE NA CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROXECTOS DO PERSOAL INVESTIGADOR NA ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL DO CAMPUS DE OURENSE (INOUE+ POSDOU CAMPUS AUGA 2026)

Por Resolución Reitoral do 23 de xaneiro do 2026 publicáronse as bases da convocatoria de Axudas a proxectos do persoal investigador na etapa de formación posdoutoral do Campus de Ourense (INOUE+POSDOU CAMPUS AUGA 2026).

Efectuada a revisión das solicitudes presentadas de cara á comprobación do cumprimento dos requisitos de admisión previstos nas bases da convocatoria, esta Reitoría

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar a publicación da listaxe provisoria de solicitudes admitidas a trámite que figura no Anexo I.

Número total de solicitudes presentadas: 5

Número de solicitudes admitidas provisionais: 5

Segundo.- Consonte establece a base sétima da convocatoria ábrese un prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, para reclamar contra a relación provisoria ou para, no seu caso, corrixir ou completar a documentación.

As reclamacións ou emendas presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) utilizando a instancia SXER-Emenda e mellora da solicitude, indicando no asunto "Convocatoria INOUE+POSDOU Campus Auga 2026" dirixida á Vicerreitoría do Campus de Ourense – Campus Auga.

O reitor



Anexo I

LISTAXE PROVISORIA DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE

Nº	PERSOAL INVESTIGADOR PRINCIPAL DOS PROXECTOS
1	García del Río, Pablo
2	García Martí, María
3	Meno Fariñas, Laura
4	Pérez Alarcón, Albenis
5	Rodríguez Sanz, Andrea

